

ORIENTACIÓNS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE

A Consellería de Educación publicou o 27 de abril de 2020 as instrucións para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019/20 nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ligazón

Resumo:

Calendario

Final do curso segundo calendario previsto: **19 de xuño**

Adaptación da actividade

Especial atención a identificación do alumnado desconectado, sendo necesario preparar plans de recuperación do vínculo para axudar á súa reincorporación. Estes plans serán remitidos a Inspección Educativa.

Identificación do alumnado que carece de medios de conexión dixital. Establecer medidas necesarias para a atención educativa.

Titoría e Orientación

Organizar recursos de apoio para a atención ao alumnado ANEE

Currículo e Programacións

Revisión dos currículos e programacións para centrar as aprendizaxes nas competencias imprescindibles, flexibilizando os plans de traballo e procurando non afectar ao benestar do alumnado.

Para o alumnado con dificultades no período presencial o terceiro trimestre centrarase en actividades de recuperación, repaso e reforzo.

Poderán ampliarse contidos para todo ou parte do alumnado sempre que non prexudiquen a nota, baseados en competencias clave e que requiran a mínima intervención docente.

ORIENTACIÓNS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE

Adaptaranse as Programacións Didácticas, baseándose nos **estándares de aprendizaxe e competencias clave** que serán o referente para o desenvolvemento do 3º trimestre.

A avaliación realizarase sobre as competencias desenvolvidas nos dous primeiros trimestres e nas actividades do terceiro sempre que beneficie ao alumnado.

Elaborarase un **Documento Guía** que será remitido a Inspección Educativa e publicado na web do centro para facelo accesible a toda a comunidade educativa.

Avaliación e Promoción

Obxectivo prioritario que o alumnado non perda o curso.

Avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so terá valor positivo para a cualificación do alumnado.

Avaliación final farase respecto ao desenvolvido nos dous primeiros trimestres, poderanse ter en conta as actividades do 3º trimestre sempre que isto beneficie ao alumnado.

A repetición será unha medida excepcional. A decisión adoptarase de maneira colexiada polo equipo docente en función da evolución académica.

Elaborarase un informe individual valorativo que inclúa os atrasos que se produciron e un plan de recuperación para o ano académico 2020/21

O Ministerio de Educación e Formación Profesional publica no [BOE 24/04/2020](#) a Orde EFP/365/2020 pola que se establecen as directrices de actuación para o terceiro trimestre do curso 2019/2020 e o inicio do 2020/21.

O Ministerio de Educación e Formación Profesional e as consellerías responsables da educación das Comunidades Autónomas, no seo da Conferencia Sectorial de Educación, adoptan os seguintes acordos, que teñen por obxecto orientar o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso 2019-2020 e o inicio do próximo

ORIENTACIÓNS PARA O TERCEIRO TRIMESTRE

curso 2020-2021. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia fixo públicas o 17/04 as orientacións provisionais para o desenvolvemento do terceiro trimestre.